

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
 - 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade co establecido no artigo 23 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazos do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, nun concurso–oposición, a puntuación máxima da fase de concurso:

- A) Non poderá exceder do trinta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo
- B) Non poderá exceder do corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo
- C) Non poderá exceder do cincuenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo
- D) Non poderá exceder do vinte por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo

2. Segundo o establecido no artigo 9 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, os nomeamentos do persoal estatutario temporal poderán ser:

- A) De interinidade
- B) De carácter eventual
- C) De substitución
- D) Todas as respostas anteriores son correctas

3. O artigo 94 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece que para a consecución do seu obxectivo, o Servizo Galego de Saúde desenvolve, baixo a supervisión e control da Consellería de Sanidade, as funcións seguintes:

- A) O control sanitario dos cemiterios e a policía sanitaria mortuoria
- B) A celebración de contratos de servizos sanitarios con organizacións, centros, servizos e establecementos, públicos e privados, para a consecución dos obxectivos asistenciais fixados
- C) A planificación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia
- D) A aprobación do Plan de Saúde de Galicia

4. A Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, aplícase a todo tipo de asistencia sanitaria que se presta na Comunidade Autónoma de Galicia:

- A) Nos centros e establecementos sanitarios públicos
- B) Nos centros e establecementos sanitarios privados concertados co Servizo Galego de Saúde
- C) Nos centros e establecementos sanitarios privados non concertados co Servizo Galego de Saúde
- D) Todas as respostas anteriores son correctas

5. De acordo co establecido no artigo 43 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o complemento destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade é:

- A) O complemento de destino
- B) O complemento de carreira
- C) O complemento específico
- D) O complemento de produtividade

6. De acordo co artigo 43 da Constitución Española, fomentar a educación sanitaria é competencia de:

- A) A administración sanitaria
- B) O goberno autonómico
- C) Os poderes públicos
- D) Os servizos de saúde de cada Comunidade Autónoma

7. De acordo co establecido no artigo 10 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, quen están obrigados ao segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal e ao deber de gardalos?:

- A) O responsable do ficheiro
- B) Quen interveñan en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal
- C) Calquera persoa que coñeza datos de carácter persoal
- D) A e b son correctas

8. Segundo o establecido no artigo 40 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, a homologación de programas de formación postgraduada, perfeccionamento e especialización do persoal sanitario, a efectos de regulación das condicións de obtención de títulos académicos, correspóndelle:

- A) Á Administración autonómica, sen menoscabo das competencias do Estado
- B) Ás administracións sanitarias das diferentes comunidades autónomas.
- C) Á Administración do Estado, sen menoscabo das competencias das Comunidades Autónomas
- D) Aos organismos competentes da Unión Europea

9. De acordo co establecido no artigo 13 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, o control da constitucionalidade das leis do Parlamento de Galicia corresponderá:

- A) Ao Tribunal Supremo
- B) Ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- C) Ao Ministerio Fiscal
- D) Ao Tribunal Constitucional

10. Conforme ao establecido no artigo 38 da Lei 13/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con:

- A) 100 ou máis traballadores
- B) 50 ou máis traballadores
- C) 25 ou máis traballadores
- D) 75 ou máis traballadores

Preguntas de reserva

1. O artigo 45 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece que os postos de supervisor de área, ou de idéntico ou superior nivel de responsabilidade na estrutura xerárquica proveranse polo procedemento de:

- A) Concurso de traslados
- B) Concurso de méritos
- C) Libre designación
- D) Defensa pública dun proxecto ou entrevista relacionados coa xestión da unidade

2. Cal é o principal órgano de participación comunitaria no Sistema Público de Saúde de Galicia, conforme ao establecido no artigo 24 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia?:

- A) O Foro de Participación Institucional de Sanidade
- B) O Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde
- C) O Consello Galego de Saúde
- D) O Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia

